



Asociación de Familias de
alumnado NEAE

A Cañiza - Pontevedra

Por: Marta Rodríguez Márquez



SOCIAIS

A PREHISTORIA



QUE É A HISTORIA?

É o conxunto de feitos



que aconteceron no pasado




, e que merecen ser

lembrados.





O TEMPO HISTÓRICO E A SÚA MEDIDA

PARA
DATAR OS
ACONTECEMENTOS
HISTÓRICOS
EMPREGAMOS:



PARA
ACONTECEMENTOS
RECENTES:

minutos, horas
días, semanas
meses, anos



PARA
ACONTECEMENTOS
AFASTADOS NO
TEMPO:

lustro (5 anos)
década (10 anos)
século (100 anos)
milénio (1000 anos)



O PUNTO DE REFERENCIA DO TEMPO HISTÓRICO




Nascimento de
Cristo

séculos a.C

ano 0

séculos d.C



AS FONTES HISTÓRICAS

Son todos os documentos



, cartas



fotografías



, mapas



ou obxectos



que nos dan información



importante dos

feitos do pasado.



AS FONTES ESCRITAS

Dan a información a través de palabras escritas.



Fontes escritas



Libros



Diarios pessoais



Documentos: Leis tratados



Cartas



Prensa: xornais

AS FONTES NON ESCRITAS


Dan a información sen utilizar palabras escritas.



Fontes gráficas



Pinturas



Fotografías



Películas



Mapas

Fontes materiais



Obxectos da vida cotiá



Fósiles

Edifícios

Fontes orais



Lendas / Relatos



Música / Cancións



Refráns

A PREHISTORIA

Periodo que vai dende a



Aparición dos
primeiros homínidos.

(fai 4,4 millóns de anos), ata a
INVENCIÓN DA ESCRITURA
(fai 5.000 anos).



PALEOLÍTICO

Periodo que vai dende a



ata a



PALEOLÍTICO SIGNIFICA:

Idade da **PEDRA ANTIGA OU TALLADA**.

Os humanos desenvolven o **TALLE**: técnica para fabricar ferramentas golpeando unha pedra contra outra ata afiar os seus cantos.



Os habitantes do **PALEOLÍTICO** vivían en grupos de 20 ou 30 persoas (**CLANS**) ao aire libre e resgardábanse do frío e dos animais salvaxes nas **covas**.



Para protexerse do frío cubríanse con peles de animais que cazaban.

Eran **NÓMANDES** (trasladábanse dun lugar a outro en busca de comida). Vivían da **CAZA**, da **PESCA** e da **RECOLECCIÓN DE FROITOS SILVESTRES**.

Fai **1,5 millóns de anos** descubriron o **LUME**: obtían luz, asustaban aos animais salvaxes e cociñaban alimentos.



NEOLÍTICO

Periodo que vai dende a

Aparición da
agricultura e
ganadería.



Descubrimento do
uso dos metais.

ata a



NEOLÍTICO SIGNIFICA:

Idade da **PEDRA NOVA OU PEDRA PULIDA**.

As armas e as ferramentas seguíanse facendo de pedra,
pero pulíanas ata conseguir unha superficie lisa.



Os habitantes do
NEOLÍTICO
convértense en
PRODUCTORES:
empezan a **cultivar**
cereais, legumes e a
domesticar animais.



Por iso deixan de desplazarse en busca de comida, e fanse **SEDENTARIOS** (vivían nun lugar fixo). Xurden así as **PRIMEIRAS ALDEAS** e **POBLADOS**, situadas en **zonas altas** para defenderse ou **preto dun río** para obter auga.



IDADE DOS METAIS

Descubrimento do
uso dos metais.

Periodo que vai dende o



ata a **INVENCIÓN DA
ESCRITURA** (fai 5.000 anos).



Aparecen as técnicas para fundir cobre e materiais
preciosos, que se usaban como obxectos de adorno.

Primeiro aprenderon a traballar o **COBRE** e realizaban **OBXECTOS DE ADORNO**. Despois comezaron a empregar o **BRONCE** co que realizaban **UTENSILIOS DOMÉSTICOS**. E por último, descubriron o **FERRO** co que fabricaron **ÚTILES AGRÍCOLAS** e **ARMAS**.




Nesta época inventáronse a **RODA**, o **TORNO**, a **VELA**, o **ARADO** e a **REGA**.

Tamén se construíron os **MEGALITOS** con grandes pedras, para uso funerario.



A PREHISTORIA E AS SÚAS ETAPAS



A PREHISTORIA EN GALICIA

A prehistoria en Galicia durou máis que no resto da Península Ibérica, xa que foron os romanos os que levaron a escritura a este territorio no século I a.C.

Divídese en 4 etapas: **PALEOLÍTICO**, **NEOLÍTICO**, **ETAPA DO BRONCE** e **PERÍODO CASTREXO**.



O PALEOLÍTICO

Os habitantes eran **NÓMADAS** e vivían nas zonas de costa ou nas ribeiras dos ríos.



Nas **GÁNDARAS DE BUDIÑO** (Porriño) apareceron restos de utensilios para preparar alimentos.



Alimentábanse da **CAZA**, da **PESCA** e de **FROITOS SILVESTRES**.



Confeccionaban os seus vestidos con **PELES**.

Usaban o **LUME** e fabricaban **OBXECTOS DE PEDRA**.



Os habitantes descubriron a **AGRICULTURA** e comezaron a vivir sempre no mesmo sitio.



Vestían con **ROUPAS de LIÑO** e descubriron a **CERÁMICA**.



O NEOLÍTICO




Primeiros poboados



**Dolmen de Dombate
(Borneiro)**



Dolmen de Axeito (Ribeira)



ETAPA DO BROCE

Fabrican adornos, ferramentas e armas de **BRONCE**.



Tesouro de Caldas de Reis



Aparecen os primeiros **PETROGLIFOS** (formas xeométricas e de animais gravadas nas rochas).



Aparecen as **primeiras divisións do TRABALLO**: uns decicábanse á agricultura, outros a artesanía, comercio...

PERIODO CASTREXO


Os habitantes dos castros dedicábanse á **AGRICULTURA**, á **GANADERÍA** e á **PESCA**.

Aparecen os **CASTROS**: poboados de pedra fortificados, situados na costa ou no alto das montañas.



Castro de Boroña (Porto do Son)

Fabricaban **OBXECTOS** de **FERRO**.



Castro de Troña (Ponteareas)


A PREHISTORIA NA PENÍNSULA IBÉRICA

Divídese en 3 etapas: **PALEOLÍTICO**, **NEOLÍTICO**, **IDADE DOS METAIS**.




O PALEOLÍTICO

En **ATAPUERCA** (BURGOS) atópanse os **restos máis antigos** dos primeiros poboadores.



O **HOMO SAPIENS** esténdese por toda a Península fai uns 30.000 anos.



Vivían da **CAZA** e da **RECOLECCIÓN**.


Eran **NÓMADAS**.


Facían armas e ferramentas con **PEDRAS TALLADAS, ÓSOS** e **PAUS**.

Os primeiros poboadores da Península Ibérica chegaron dende **África** fai 1 millón de anos.

ÁFRICA

As **PINTURAS RUPESTRES** son as primeiras manifestacións artísticas. Son **pinturas de cores vivas realizadas en covas**. Representaban animais (bisontes, cabalos...). Pintábanse cos dedos ou con plumas de aves.





O **NEOLÍTICO** chegou á Península Ibérica e Balears **desde Oriente** e polo **Mediterráneo**, fai máis de 7.000 anos.

O NEOLÍTICO

Coa aparición da **AGRICULTURA** e a **GANDERÍA**, os humanos vólvense **SEDENTARIOS** e viven en pequenos **POBOADOS**.



Séguese empregando as **COVAS** como refuxio. Nelas atópanse **PINTURAS RUPESTRES** que representan **escenas de caza, gandeiras ou bailes rituais**.



Aparecen os primeiros utensilios de **CERÁMICA**, e os primeiros **ARTESÁNS** que facían **tecidos** ou **cestas de vimbio**.

A IDADE DOS METAIS



Fai 4.500 anos chegaron polo Mediterráneo as **TÉCNICAS PARA FUNDIR** cobre e materiais preciosos.



Aparecen os primeiros **MENHIRES** (pedras cavadas no chan) e **DOLMENS** (pedras verticais cubertas por outras horizontais).



Los Millares

En Almería xorde a cultura de **LOS MILLARES** (poblados fortificados cerca de depósitos de cobre).

Tamén aparece a cultura de **EL ARGAR** (traballo co broce : mestura de cobre con estaño).



Obxectos de bronce



menhir



dolmen

amilias de A

EXERCICIOS



1- Que é a HISTORIA?

- a) Un conto inventado con personaxes fantásticos.
- b) O conxunto de feitos que aconteceron no pasado e que merecen ser lembrados.
- c) Todos os acontecementos que van ocorrer no futuro.

2- Para datar os acontecementos históricos empregamos (relaciona):

PARA
ACONTECEMENTOS
AFASTADOS NO
TEMPO:

minutos, horas
días, semanas
meses, anos

PARA
ACONTECEMENTOS
RECENTES:

lustro (5 anos)
década (10 anos)
século (100 anos)
milenio (1000 anos)

3- Cal é o punto de referencia do tempo histórico?

4- Que son as FONTES HISTÓRICAS?

5- Que tipo de información nos dan as FONTES HISTÓRICAS?

6- Como se chaman as FONTES HISTÓRICAS que nos dan información a través de palabras escritas?

7- Como se chaman as FONTES HISTÓRICAS que nos dan información sen utilizar palabras escritas?

8- Relaciona:

AS FONTES ESCRITAS



Música / Cancións



Libros



Pinturas

AS FONTES NON ESCRITAS



Cartas



Edificios



9- Completa:

A Prehistoria é o período que vai desde a aparición dos _____

_____ fai _____

de anos, ata a invención da _____

_____, fai _____ anos.



10- Cales son as ETAPAS DA PREHISTORIA?

11- O PALEOLÍTICO vai desde a aparición dos primeiros homínidos ata a aparición da _____ e da _____, fai _____ anos.

12- O NEOLÍTICO vai desde a aparición a agricultura e da ganadería ata a aparición dos _____, fai _____ anos.

13- A IDADE DOS METAIS vai dende a aparición dos metais ata a invención da _____, fai _____ anos.

PALEOLÍTICO



14- PALEOLÍTICO significa:

15- Completa a información sobre a vida dos humanos no PALEOLÍTICO:

Os humanos desenvolven o _____: técnica para fabricar ferramentas golpeando unha pedra contra outra ata _____. Os habitantes do PALEOLÍTICO vivían en grupos de _____ persoas (CLANS) ao _____ e resgardábanse do frío e dos animais salvaxes nas _____.

Para protexerse do frío cubríanse con _____

Eran _____ (trasladábanse dun lugar a outro en busca de comida). Vivían da _____, da _____ e da _____.

Fai 1,5 millóns de anos descubriron o _____: obtían luz, asustaban aos animais salvaxes e _____.

NEOLÍTICO



16- NEOLÍTICO significa:

17- Completa a información sobre a vida dos humanos no NEOLÍTICO:

As armas e as ferramentas seguíanse facendo de _____, pero pulíanas ata conseguir unha _____. Os habitantes do NEOLÍTICO convértense en _____: empezan a cultivar cereais, legumes e a _____.

Por iso deixan de _____ en busca de comida, e fanse _____ (vivían nun lugar fixo). Xurden así as _____ e _____, situadas en zonas altas para defenderse ou preto dun río para obter auga.



IDADE DOS METAIS



18- Completa a información sobre a vida dos humanos no NEOLÍTICO:

Aparecen as técnicas para _____ cobre e materiais preciosos, que se usaban como _____.

Primeiro aprenderon a traballar o _____ e realizaban OBXECTOS DE ADORNO. Despois comezaron a empregar o _____ co que realizaban UTENSILIOS DOMÉSTICOS. E por último, descubriron o _____ co que fabricaron ÚTILES AGRÍCOLAS e ARMAS.

Nesta época inventáronse a _____, o _____, a _____, o _____ e a _____.

Tamén se construíron os _____ con grandes pedras, para uso funerario.



A PREHISTORIA NA PENÍNSULA IBÉRICA



19- Os primeiros poboadores da Península Ibérica chegaron dende:

- a) Oriente Medio.
- b) Mar Mediterráneo.
- c) África.

20- Os restos máis antigos dos primeiros poboadores atópanse en _____.

21- De que vivía o HOMO SAPIENS no PALEOLÍTICO:

- a) Da agricultura.
- b) Da artesanía.
- c) Da caza e da recolección.

22- Os habitantes do PALEOLÍTICO eran:

- a) Sedentarios.
- b) Nómadas.

23- Que son as PINTURAS RUPESTRES?

24- Onde aparecen as PINTURAS RUESTRES?

- a) En fortalezas.
- b) En pedras grandes preto dos ríos.
- c) En covas.

25- Indica tres lugares da Península Ibérica nas que se atoparon restos de PINTURAS RUPESTRES:

26- O NEOLÍTICO chegou á Península Ibérica e Baleares desde:

- a) África.
- b) América.
- c) Oriente.

27- - De que vivían os habitantes no NEOLÍTICO:

- a) Da agricultura, da ganadería e da artesanía.
- b) Da fundición de metais.
- c) Da caza e da recolección.

28- Os habitantes do NEOLÍTICO eran:

- a) Sedentarios.
- b) Nómadas.



29- Na IDADE DOS METAIS chegan polo Mediterráneo:

- a) Técnicas para fundir cobre e materiais preciosos.
- b) Sementes.
- c) Cerámicas.

30- Que son os MILLARES?

31- Que é a cultura de EL ALGAR?

32- Onde xorden os Millares e a cultura de El Algar?

33- Relaciona as fotografías co nome correcto:




dolmen



menhir

A PREHISTORIA EN GALICIA



34- A prehistoria en GALICIA divídese en 4 etapas, cales son?

35-En Galicia, os habitantes do PALEOLÍTICO eran nómadas e vivían:

- a) Nas zonas de interior e afastados das correntes de auga.
- b) En poboados lonxe das cidades.
- c) Nas zonas de costa ou nas ribeiras dos ríos.

36- Hai unha zona de Galicia na que apareceron restos de utensilios para preparar alimentos. Onde se atoparon estes restos? _____.

37- Con que se vestían os habitantes do Neolítico en Galicia?

38- Indica o nome de dous dolmens que se atopan en Galicia:

39- Na ETAPA DO BRONCE, para que se empregaba este material?

40- Que son os PETROGLIFOS?

- a) Formas xeométricas e de animais gravadas nas rochas.
- b) Formas humanas gravadas en covas.
- c) Formas de varias cores que se atopan nalgúns zonas preto do mar.

41- Cando aparecen os CASTROS en Galicia?

- a) No Neolítico.
- b) No Paleolítico.
- c) No Periodo castrexo.

42- Que son os CASTROS?

- a) Pequenos agrupamentos de habitantes nómadas.
- b) Poboados de pedra fortificados, situados na costa ou no alto das montañas.
- c) Cidades modernas.

43- De qué vivían os habitantes do Periodo Casterxo?



44- Indica o nome de dos CASTROS en Galicia:

